

EXPEDIENTE:	2026/00030735E
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO ENTRE A CONCELLARÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CENTRO XUVENIL DON BOSCO

Dunha parte, **Dona María Rozas Pérez**, Concelleira de **Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude**, que actúa en nome do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data **17/06/2023** e con C.I.F. P-1507900 G, e con domicilio en Praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela.

Doutra parte, Don **Xesús María Vilas Otero con DNI 35444793E**, en calidade de representante legal de **Centro Xuvenil Don Bosco**, con C.I.F. **G15071566**, e con domicilio en **Rúa de Belvís 2 15703 Santiago de Compostela**, como entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co núm. **1985/983-3**.

Interveñen ambas coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Concello de Santiago de Compostela, no ámbito das súas competencias propias de conformidade co **artigo 25.2.m) e n)** da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **que establece que o Municipio exercerá competencias en materia de «promoción da cultura e equipamentos culturais» e «actividades ou instalacións culturais e deportivas».**

No marco específico das políticas de Mocidade, o Concello de Santiago de Compostela ten atribuída a competencia para o fomento de programas e actividades dirixidos á mocidade en virtude das súas ordenanzas municipais e da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, cuxo artigo 18 recoñece a competencia das entidades locais de prestar servizos á mocidade, en particular actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

SEGUNDO.- Centro Xuvenil Don Bosco, configúrase como unha **asociación sen ánimo de lucro** ao abeiro da **Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación**, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro e ten como fins, segundo o artigo 3 do capítulo I dos seus estatutos rexistrados e actualizados o 14 de agosto de 2018 os seguintes:

- Prestar todo tipo de servizos educativos e sociais aos nenos, nenas e mozos e mozas do seu ámbito de actuación de acordo coas súas necesidades e intereses.

- Desenvolver proxectos de animación xuvenil e intervención socio-educativa que promovan o protagonismo xuvenil, o acompañamento persoal dos mozos e mozas e a transformación da realidade.
- Ofrecer espazos e locais de encontro, acollida, xogo e outro tipo de actividades recreativas, culturais e formativas para os nenos, nenas e mozos e mozas da zona.
- Desenvolver iniciativas e grupos de educación en valores e programas de sensibilización social que promovan unha cultura de solidariedade e de compromiso pola xustiza, a defensa dos dereitos humanos, a paz e a interculturalidade da nosa sociedade e no mundo.
- Formar aos membros da asociación, e a outras persoas interesadas no campo da animación e compromiso social e da educación no tempo libre.
- Facilitar a inserción social e laboral dos mozos e mozas.
- Facilitar a escolarización dos nenos, nenas e mozos e mozas con dificultades sociais ou económicas a través de iniciativas de apoio extraescolar.
- Fomentar o voluntariado social e educativo xuvenil e a a formación específica do mesmo.
- Organizar ou facilitar a participación aos mozos e mozas en proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Promover entre os mozos e mozas a educación para a saúde, a educación medioambiental e a educación vial.
- Promover a actividade deportiva, especialmente entre a xuventude.
- Promover o asociacionismo xuvenil e a participación social e política da xuventude.
- Facilitar a participación nos programas comunitarios de circulación de mozos e mozas e o intercambio de voluntarios entre os países da Unión Europea.
- Promover a ampliación e mellora da información xuvenil.
- Mellorar e protexer a imaxe dos mozos e mozas nos medios de comunicación.
- Promover proxectos que incidan na superación das causas que xeran a exclusión social, especialmente entre mozos e mozas: a desestruturación familiar, o fracaso escolar, o rexeitar minorías étnicas e inmigrantes, o paro e a explotación laboral, a discriminación da muller, as experiencias alienantes do tempo libre como o abuso do alcohol e as drogas, os malos tratos, os abusos sexuais, a intolerancia e o racismo, a violación de dereitos humanos.
- Promover o uso das tecnoloxías e o aprendizaxe nas mesmas
- Promover o uso da lingua galega entre os destinatarios e asociados da nosa Asociación. Promover outra serie de proxectos nos que os destinatarios sexan as familias e outros adultos cunha responsabilidade específica cos nenos, nenas e mozos e mozas para apoialos na súa tarefa educativa.

TERCEIRO.- O Concello de Santiago de Compostela entende que a actividade de **Centro Xuvenil Don Bosco** é de **interese social e de utilidade pública** para o conxunto da comunidade e, en consonancia coa filosofía de fomento dun lecer

saudable e a mellora da participación xuvenil fomentando o seu protagonismo ten o propósito de dar estabilidade á colaboración que se ven producindo entre ambas as dúas entidades no eido da oferta dunha programación inclusiva de verán.

CUARTO.- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición diñeraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os requisitos establecidos no devandito precepto. O programa financiado obxecto do convenio ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

QUINTO.- Centro Xuvenil Don Bosco presentou por rexistro o día **03/04/2026** con número de rexistro de entrada **2026041342**, a documentación necesaria para a subscrición do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS, e contemplándose a disposición dunha subvención nominativa nos Orzamentos do Concello de Santiago de Compostela 2026, á **Centro Xuvenil Don Bosco** para contribuír ao financiamento de "**Campamento urbano para a mocidade**", gasto imputable á aplicación orzamentaria **020 23104 4890002**, procédese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/xeral descrito, e que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

Nome do proxecto: Campamento Urbano Compostela 2026

Entidade promotora: Centro Xuvenil Don Bosco – Santiago de Compostela

Lugar de realización: Centro Don Bosco e diferentes espazos urbanos, culturais, naturais e recreativos de Santiago de Compostela e da súa contorna próxima.

Datas de realización: Do luns 3 ao venres 14 de agosto de 2026. **Horario xeral:** De 9:00 a 14:00 h.

Horario en días de excursión ou saída especial: De 9:00 a 19:30/20:00 h, aproximadamente.

Persoas destinatarias: Mozos e adolescentes de 13 a 17 anos, organizados en grupos por idades.

Carácter da actividade: Campamento urbano de educación non formal, lecer educativo e participación comunitaria.

Lingua de desenvolvemento: Galego e castelán, favorecendo o uso normalizado do galego nas actividades.

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do programa **“Campamento urbano para a mocidade”**, unha proposta para facilitar actividades de lecer saudable aos colectivos que teñen menos oportunidades coa finalidade de cubrir a necesidade de moitas familias que precisan recursos que faciliten a conciliación a mediante espazos educativos de calidade.

O Campamento Urbano invita a mirar a cidade con atención, curiosidade e sentido crítico. Durante eses días, Santiago convértese nun espazo educativo vivo: as súas rúas, prazas, parques, edificios, institucións, historias e recunchos cotiáns serven como punto de partida para aprender, convivir e participar.

A proposta desenvolverase entre o 3 e o 14 de agosto de 2026, dando continuidade a experiencias anteriores do Centro Xuvenil Don Bosco e adaptando a programación a un formato sinxelo, viable e centrado nas persoas participantes.

O proxecto aliñase cos obxectivos municipais de promoción da infancia e da mocidade, conciliación familiar, participación social, igualdade de oportunidades, uso educativo do tempo libre, coñecemento do patrimonio local e fortalecemento da vida comunitaria.

Polo tanto o obxectivo xeral é o de ofrecer unha experiencia de lecer educativo durante o verán que favoreza a convivencia, a autonomía persoal, o coñecemento de Santiago de Compostela e a participación activa de mozos, mozas e adolescentes na súa contorna.

Os obxectivos específicos serán os seguintes:

1. Promover un uso saudable, educativo e creativo do tempo libre durante o período estival.
2. Facilitar a conciliación familiar mediante unha actividade organizada, segura e de calidade.
3. Fomentar o coñecemento de Santiago de Compostela, o seu patrimonio, os seus espazos comunitarios e a súa vida social.
4. Desenvolver competencias persoais e sociais como a autonomía, a cooperación, a comunicación, a responsabilidade e o respecto.
5. Favorecer a convivencia entre iguais, a inclusión e a participación de todas as persoas menores.
6. Potenciar hábitos saudables mediante actividades ao aire libre, camiñadas, xogos, piscina e excursións.
7. Educar en valores de igualdade, coidado, sustentabilidade, corresponsabilidade e participación comunitaria.
8. Reforzar o vínculo dos participantes coa súa cidade, promovendo unha mirada positiva e comprometida coa contorna.

A metodoloxía baséase na educación non formal, na aprendizaxe experiencial e na pedagogía do tempo libre. As persoas participantes aprenderán facendo, xogando, observando, cooperando e compartindo experiencias.

O campamento combinará actividades de descubrimento urbano, xogos cooperativos, rutas culturais, dinámicas de grupo, piscina, excursións e espazos de participación.

O enfoque educativo será activo, inclusivo e próximo. Cada xornada terá unha estrutura clara: acollida, presentación do día, actividade principal, merenda, segunda actividade, peche e despedida. Nas xornadas de excursión ampliarase o horario para favorecer unha experiencia de convivencia máis completa.

O equipo educativo promoverá a participación equilibrada, a resolución positiva de conflitos, o respecto á diversidade, o coidado do grupo e a autonomía progresiva. As actividades adaptaranse ás idades, ao número de participantes e ás condicións de seguridade.

A temática deste ano do Campamento Urbano xirará en torno ao cambio climático, un fío condutor a través do cal se desenvolverán as diferentes actividades ao longo das dúas semanas. O obxectivo é achegar ás nenas e aos nenos, dunha forma lúdica e adaptada á súa idade, a diferentes aspectos relacionados coa crise climática e a súa repercusión no planeta, na cidade e nas persoas.

A programación poderá axustarse segundo a dispoñibilidade de espazos municipais, climatoloxía, número de participantes, idades, transporte, autorizacións e criterios de seguridade. As actividades programadas son as seguintes:

- Xincana “Loita contra o colapso climático” Actividade por equipos para observar detalles da cidade, resolver pistas, superar probas e descubrir espazos significativos. Traballa a cooperación, a orientación, a atención á contorna e o concienciación co respecto ao medio ambiente.
- Proxecto ecobosque Actividades por diferentes zonas de Santiago para descubrir as zonas naturais máis importantes da cidade,
- Cidade institucional Actividade orientada a coñecer o funcionamento básico da vida municipal, os servizos públicos e a importancia da participación cidadá. Poderá incluír visita ou dinámica vinculada ao Concello.
- Piscina e hábitos saudables Xornada recreativa con normas de seguridade, coidado persoal, protección solar, hidratación, convivencia e goce saudable do verán.
- Excursións Xornada de horario ampliado destinada a fortalecer a convivencia, a autonomía e a relación positiva co grupo. Inclúirá desprazamento, xogos, comida, actividade de tarde e avaliación do día.
- Gran xogo final Actividade de peche que recolle aprendizaxes do campamento mediante probas cooperativas, retos por equipos, memoria de experiencias e valoración final.

SEGUNDA.- Título competencial.

O presente convenio subscríbese no exercicio das competencias propias que corresponden ao Concello de Santiago de Compostela en materia de **promoción da cultura e actividades culturais**, de conformidade co artigo **25.2.m)** da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no marco específico das políticas de Mocidade en virtude **Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, cuxo artigo 18 recoñece a competencia das entidades locais de prestar servizos á**

mocidade, en particular actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

TERCEIRA.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial de aplicación do presente convenio abrangue o termo municipal do Concello de Santiago de Compostela. As actuacións obxecto do convenio desenvolveranse **nas instalacións do Centro Xuvenil Don Bosco con enderezo en rúa Belvís 2 15703 Santiago de Compostela.**

CUARTA.- Natureza xurídica e réxime aplicable.

O presente convenio ten carácter administrativo, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no seu clausulado, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

QUINTA.- Compromisos das partes.

1. É responsabilidade do Concello de Santiago de Compostela:

- **Financiamento:** Achegar a contía económica recollida nos orzamentos municipais destinados a financiar o programa de campamento urbano para a mocidade.
- **Colaboración institucional:** Facilitar a coordinación necesaria para a execución do programa e garantir a estabilidade da colaboración entre ambas as entidades para promover a xustiza social e a integración.
- **Supervisión e seguimento:** Realizar o seguimento do cumprimento dos obxectivos e da xustificación dos gastos subvencionables conforme á normativa de subvencións vixente.

2. Centro Xuvenil Don Bosco responsabilizarase de:

- **Execución do proxecto:** Desenvolver as actividades recollidas no programa de campamento urbano para a mocidade.
- **Control de asistencia:** listaxe diaria, control de entradas e saídas e teléfonos de contacto familiar.
- **Autorizacións:** recollida de permisos de participación, saídas, excursións, piscina e imaxe.
- **Saúde:** Ficha básica de información sanitaria, alerxias, medicación autorizada, indicacións para a prevención de insolacións, queimaduras e hidratación e contactos de emerxencia.
- **Saídas urbanas:** Organización por grupos, normas de desprazamento, puntos de encontro, vixilancia, cumprimento das normas específicas das instalacións que se visiten e reforzo de monitorado.

- **Inclusión:** Adaptación das actividades e atención ás necesidades específicas.
- **Convivencia:** normas específicas e resolución dialogada dos conflitos e acompañamento activo.
- **Xustificación:** Presentar a documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos e a correcta aplicación dos fondos recibidos para a finalidade do convenio.
- **Avaliación:** Realizar unha avaliación baseada en diferentes indicadores (participantes, autonomía, convivencia...) que permita valorar o cumprimento dos obxectivos, a satisfacción de participantes e familias, a adecuación da programación e as melloras necesarias para futuras edicións.

O Centro Xuvenil Don Bosco é unha entidade con plena capacidade xurídica e plena capacidade de obrar que por razón da súa actividade non queda en relación de dependencia con respecto ao Concello de Santiago de Compostela. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se puidesen producir durante o desenvolvemento da actividade.

3. Sen prexuízo das obrigas específicas establecidas no apartado anterior, a entidade beneficiaria queda **suxeita ao cumprimento das obrigas xerais previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións**, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular:

- a) Cumprir o obxectivo e realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto estatais como autonómicos e locais.
- d) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade no prazo de 10 días hábiles dende que teña coñecemento da mesma.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo mínimo de 4 anos.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos na lexislación aplicable.
- g) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento nos termos establecidos neste convenio.

SEXTA.- Réxime das persoas participantes / persoal da entidade.

O persoal da entidade que interveña na execución do convenio dependerá exclusivamente da devandita entidade. A súa participación non xerará en ningún caso relación laboral, funcionarial ou estatutaria co Concello de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.- Réxime económico do convenio.

1. A achega económica municipal constitúe unha **subvención directa de carácter nominativo**, prevista no Anexo de Subvencións das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio económico 2026, de conformidade co artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O presente convenio constitúe o instrumento a través do cal se canaliza a citada subvención nominativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co seu artigo 6.

A subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo programa, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, sempre que non se exceda, en tal caso, o 100% do custo da actividade subvencionada. En todo caso, o Concello quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente.

Se o custo total da actividade fose inferior ao importe do financiamento público, procederá ao reintegro do importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do RLXS.

2. Para a execución das actuacións previstas no presente convenio, as partes asumirán os seguintes compromisos económicos:

- **Centro Xuvenil Don Bosco:**

- Recursos humanos: persoal de reforzo que se precise para levar a cabo as actividades.
- Recursos materiais: Cóntase cos recursos propios do Centro Don Bosco (salas, espazo lúdico, canchas deportivas, xardín, parque infantil, salón teatro).

- A **Concellaría de Mocidade** participará na financiación do programa mediante unha achega económica destinada exclusivamente ao **campamento xuvenil urbano para a mocidade**, para os seguintes conceptos:

• Monitorado de tempo libre	2.100 €
• Material funxible e educativo	350 €
• Transporte para excursións	1.200 €
• Entradas ou uso de outras instalacións	350 €

3. A contía máxima da achega municipal será de **4.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 4890002** do orzamento municipal.

OITAVA.- Réxime de pagamento e xustificación.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para o efecto. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando, como **data límite o 1 de outubro de 2026** a seguinte documentación, conforme aos modelos normalizados (Anexos) dispoñibles na sede electrónica municipal:

- **Memoria descritiva das accións realizadas (ANEXO I)**, xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas, persoas participantes, duración, contidos e resultados obtidos. Achegarase reportaxe fotográfica ou audiovisual e mostra dos materiais de difusión empregados.
- **Declaración responsable (ANEXO II)** asinada polo/a titular ou representante legal, de ter cumprido o obxecto do convenio e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- **Relación detallada de subvencións solicitadas ou concedidas (ANEXO III)** para a mesma finalidade.
- **Relación clasificada de gastos e investimentos (ANEXO IV)**: identificación do/a acreedor/a, documento, importe, data de emisión e data de pagamento.
- **Facturas orixinais ou documentos equivalentes e xustificantes bancarios** acreditativos do pagamento efectivo.
- **Certificados de estar ao corrente** nas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Tesouraría do Concello) e coa Seguridade Social.
- **Número de identificación fiscal e número de conta bancaria.**
- Acreditación documental da publicidade realizada conforme á cláusula décimo primeira.

3. Terán a condición de **gastos subvencionables** os seguintes:

GASTOS DE PERSOAL Poderán imputarse, os gastos derivados da contratación de monitorado de tempo libre xa sexa de forma fixa ou temporal: salarios ou nóminas, IRPF e seguros sociais.

Deberá presentarse o correspondente contrato de traballo, de acordo coa normativa pola que se rexa, no que se deberán especificar as circunstancias previstas na normativa de aplicación:

- Tarefas a desempeñar
- Modalidade de contratación
- Categoría profesional
- Salario

Imputando o bruto da nómina:

- Nómina que terá como imputación o total devengado a percibir polas persoas contratadas. Deberá achegar o recibo de transferencia bancaria.
- Seguros sociais: son os que proporcionalmente correspondan á empresa polo tempo realmente dedicado á execución do proxecto de que se trate. Será obrigatoria a presentación dos documentos RLC e RNT debidamente validados correspondentes ao mes no que o/o traballador/para dedica ao proxecto: detallando a cantidade para imputar correspondente á empresa e o seu xustificante de pago. A parte correspondente ao traballador xa se imputou na nómina, xa que este concepto forma parte do total devengado.
- IRPF: Deberá así mesmo presentar o impreso 111 do IRPF correspondente, para a súa comprobación, e o seu xustificante de pago. Non se imputa contía xa está incluída na nómina, este concepto forma parte do total devengado.

MATERIAL FUNXIBLE.-Son aqueles que se esgotan coa conclusión do mesmo. Inclúiranse nesta partida todos aqueles gastos correspondentes a consumibles informáticos, material de oficina, material de formación... Deberá presentar factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

TRANSPORTE: Aqueles gastos que se precisen para a realización de excursións programadas dentro do campamento urbano. Deberá presentar a correspondente factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

ENTRADAS OU USO DE OUTRAS INSTALACIÓNS: Son aqueles gastos de entradas ou uso de instalacións que se precisen para o desenvolvemento das actividades programadas no campamento urbano. Deberá presentarse a factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

Terán a condición de **gastos non subvencionables** os seguintes:

- a) Os gastos financeiros, licenzas e tributos.
 - b) Sen prexuízo diso, o IVE/IVE considerarase gasto subvencionable, coa condición que se indica no parágrafo seguinte.
 - c) En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- 21 de 38
- d) Por tanto, deberase presentar certificación negativa da Axencia Tributaria na que conste que a entidade non está dada de alta no Imposto sobre o Valor Engadido ou que non presentou declaración do Resumo Anual do Imposto sobre o Valor Engadido do/os exercicio/ s correspondente/ s, ou no seu caso modelo oficial de Resumo anual no que non figuren operacións, de acordo ao establecido no Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro.
 - e) Os gastos de investimento.

- f) As gratificacións que, no seu caso, perciban os voluntarios sociais da institución.
- g) Os gastos de desprazamento, dietas e manutención do persoal vinculado ao proxecto, incluídos os voluntarios e os membros dos órganos de goberno da entidade.
- h) Os intereses, recargas de demora e sancións que sexan impostas á entidade.
- i) Os gastos que se orixinen como consecuencia da simple participación dos membros da entidade nos órganos de goberno e dirección.
- j) Os gastos derivados das accións que teñan como obxectivo promocionar á institución en si mesma .
- k) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos notariais e rexistrais.
- l) Gastos de restauración, cátering, degustacións culinarias e similares. Excepto os gastos para a compra de ingredientes culinarios e bebidas non alcohólicas, así como os que queden plasmados no orzamento de forma expresa e motivada, sempre que estean relacionados directamente co obxecto do proxecto e as actividades programadas.
- m) Gastos de investimento: son os destinados á creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable e aqueloutros gastos que teñan carácter de amortizables (compra de computadores, impresoras, mesas, cadeiras, cámaras fotográficas, reprodutores de DVD, adquisición de dominios da internet....).
- n) Gastos destinados a investimentos para construción de instalacións e equipamento.
- o) Pólizas de seguros de vehículos, propiedade da entidade.
- p) Aqueles gastos, que non estando expresamente excluídos, non estean incluídos na formulación do proxecto presentado.
- q) O IVE da factura non será subvencionable se é susceptible de desgravación por parte da empresa, debendo presentar Declaración Responsable respecto diso.

Tampouco terán a consideración de gastos de persoal subvencionables os orixinados por:

- As persoas membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións contempladas na Lei de Asociacións. 18 de 38
- As penalizacións ou compensacións por incumprimentos de contrato, achacables á entidade beneficiaria da subvención, entre os que se inclúen os gastos por despedimentos.
- As recargas por falta de pagamento ou atrasos en impostos retidos ou seguridade social.

- Os gastos imputados no proxecto, por contratación ou prestación de servizos, realizados por persoas membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades. En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención. Só se admitirán como xustificables ou elixibles, relacións laborais por prestación de servizos en réxime de asalariado (traballador social, psicólogo,...) a condición de que, os cargos directivos non estean remunerados por exercer o devandito cargo e conste de forma expresa nos seus estatutos ou acordo da Xunta Directiva e no proxecto onde se solicita a subvención.

4. A xustificación do pagamento das facturas farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria, etc.). No caso de pagamentos en efectivo, o importe máximo admitido por factura establécese en 600 € (Lei 7/2012, de 29 de outubro). Non se admitirá o fraccionamento de gastos para eludir este límite.

5. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

NOVENA.- Forma de presentación da documentación xustificativa.

A entidade beneficiaria aterase ás especificacións do presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos, empregando obrigatoriamente os **ANEXOS** habilitados ao efecto, **dispoñibles na sede electrónica municipal**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas.

Será necesario así mesmo que a entidade achegue ademais vía correo electrónico a documentación aportada no Rexistro, en formato de texto editable (.doc ou .docx), coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello, isto é, **1 de outubro de 2026** ao enderezo: **dptoxuventude@santiagodecompostela.gal**

DÉCIMA.- Modificación e resolución.

1. O convenio poderá ser modificado exclusivamente por acordo unánime das partes mediante a formalización da correspondente addenda, seguindo a mesma tramitación prevista para a súa aprobación.

2. Son causas de resolución do presente convenio, procedendo se é o caso o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora desde o momento do pagamento:

- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.

- A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade e eficacia.

A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo; do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e do artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do programa ou actividade con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da **Concellaría de Mocidade**. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar de forma visible un cartel informativo con a imaxe corporativa do Concello de Santiago. Deberá realizarse reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades e os carteis empregados, para os efectos da xustificación deste requisito.

Así mesmo, de conformidade co artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na redacción dada pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, a concesión desta subvención será comunicada á **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, con publicación do correspondente extracto no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, con carácter previo ou simultáneo á sinatura do presente convenio. O número de BDNS asignado incorporarase ao expediente.

Igualmente, o presente convenio será inscrito no **Rexistro de Convenios** que corresponda de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e publicado no Portal de Transparencia municipal, conforme á Lei 19/2013 e á Lei 1/2016 de transparencia de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección e tratamento de datos persoais.

1. **O Centro Xuvenil Don Bosco** é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, así como da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

2. Darase cumprimento ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento, control e interpretación do convenio.

1. **Comisión mixta de seguimento.** Para o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes, así como para a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous membros designados por cada parte. Polo Concello, persoal municipal da Concellaría de Mocidade; pola entidade, as persoas designadas polo seu representante legal.

2. **Réxime de funcionamento.** A comisión mixta reunirse polo menos unha vez durante a vixencia do convenio, e en todo caso antes da finalización do prazo de xustificación. Poderá ser convocada en calquera momento a instancia de calquera das partes, cunha antelación mínima de dez días hábiles. Os acordos adoptaranse por consenso.

3. **Mecanismos de control.** Sen prexuízo das funcións da comisión mixta, o Concello poderá en calquera momento solicitar información sobre o estado de execución do programa e realizar visitas de comprobación. A entidade beneficiaria queda obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, pola Intervención Xeral e polos órganos competentes para o control financeiro (art. 14.1.c) LXS).

DÉCIMO CUARTA.- Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio ou nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2026, así como das condicións que se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, axustado ao previsto no título II da Lei 9/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- Responsabilidade.

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DÉCIMO SEXTA.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento aos obxectivos nel establecidos, enténdese producida dende o **1 de agosto de 2026** ata o 1 de outubro de 2026, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas oitava e novena (1 de outubro de 2026)

